

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 12 DE XANEIRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada AC-404, situado entre os p.q. 0+570 e 1+350, cunha lonxitude de 0,79 km, a prol do Concello de Santa Comba.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se crea a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo da Universidade de Vigo.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Josefina Monteagudo Romero como secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade a Alberto Fuentes Losada.
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Lourdes Vilachán Angueira como directora xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde María Jesús Piñeiro Bello.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se dispón a remisión ao Parlamento de Galicia da memoria 2016 de control das Directrices de ordenación do territorio de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela, para a colaboración entre o Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) e o Instituto de Ciencias Forenses Luis Concheiro.
- Informe sobre o resultado da actividade de prevención e investigación en materia de venda e consumo de alcol e tabaco a menores de idade, desenvolvida pola Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2016.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o programa Cualifica FP.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre a inserción laboral na Formación Profesional. Titulados no curso 2013-2014.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre as augas de consumo 2015.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o programa de atención prenatal e perinatal para familias en situación de dificultade social.

CONSELLERÍA DE MAR

- Informe sobre a Acción de investigación DeMeTox.

A XUNTA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DE SANTA COMBA UN TRAMO DA ESTRADA AC-404, NAS PROXIMIDADES DA CASA DO CONCELLO

- *O treito forma parte da avenida de Tomé Taboada e ten unha lonxitude de 0,79 quilómetros, iníciase na intersección coa rúa Carmen Santiso e finaliza na intersección coa provincial DP-7702*
- *O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes*
- *O Concello de Santa Comba poderá actuar sobre esta vía de xeito acorde coas súas características urbanas e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada AC-404, situado entre os puntos quilométricos 0+570 e 1+350, cunha lonxitude de 0,79 km, a prol do Concello de Santa Comba.

O Concello de Santa Comba solicita o cambio de titularidade do tramo da estrada autonómica AC-404 (Santa Comba - Baio), comprendido entre o seu inicio e a intersección coa estrada provincial DP-7702, que discorre polo seu termo municipal.


O tramo forma parte da avenida de Tomé Taboada e ten unha lonxitude de 0,79 quilómetros; iníciase na intersección coa rúa Carmen Santiso e finaliza na intersección coa DP-7702, próxima á Casa do Concello. O tramo está clasificado como urbano e rexistra un tráfico de tipo principalmente local.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais.

Os primeiros 570 metros desa estrada pertencen á rede da Deputación da Coruña, polo que a Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade do treito da estrada AC-404 situado entre os puntos 0+570 e 1+350.

Co cambio de titularidade, o Concello de Santa Comba poderá actuar sobre esta vía, de modo acorde coas súas características urbanas, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como por exemplo as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos.

O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.



O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CREACIÓN DA ESCOLA DE ENXEÑARÍA AERONÁUTICA E DO ESPAZO

- *Coa creación desta escola dáse un paso máis na potenciación do Campus de Ourense*

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe luz verde á creación da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, co que se dá un paso máis na potenciación do Campus de Ourense, sendo a sede de impartición do grao en Enxeñaría Aeroespacial, da Universidade de Vigo.

A creación deste centro responde á especificidade da propia titulación, que demanda contar cun espazo propio e propiamente equipado no referido a recursos humanos, instalacións e materiais. Con todo, a Universidade estimou que durante o presente curso e o vindeiro a titulación pode impartirse nas instalacións actuais da Facultade de Ciencias no devandito campus. Ademais, conta con instalacións que permiten cubrir a docencia de materias concretas do terceiro e cuarto curso do grao.

Formación en Galicia

O grao en Enxeñaría Aeroespacial, que conta neste primeiro curso de impartición con 50 matriculados, pretende achegar esta industria ao alumnado galego. Deste xeito, o alumno con esta vocación poderá formarse en Galicia e a industria galega terá na universidade un socio tecnolóxico e un centro de referencia no que apoiarse para manter o crecemento do sector. Neste sentido, cómpre lembrar que ata hai poucos anos as titulacións de enxeñeiro aeronáutico e enxeñeiro técnico aeronáutico só se impartían na Universidade Politécnica de Madrid, que o imparte dende o ano 1928. Actualmente, impártense na Universidade de Sevilla, na Politécnica de Cataluña, na Universidade Carlos III, na Rey Juan Carlos, na Universidade Autónoma de Madrid, na Alfonso X El Sabio, na Universidade Europea de Madrid, e nas universidades de Valencia e de León.

Ademais da alta inserción laboral dos egresados neste eido (segundo o estudo realizado entre 2000 e 2005 polo Libro branco da enxeñaría aeronáutica o 70% dos titulados traballan con contrato indefinido), a implantación desta titulación apoiouse na necesidade da industria galega de contar con titulados formados na disciplina aeronáutica, así como na exitosa liña de investigación aeroespacial desenvolvida por investigadores da Universidade de Vigo. Ademais, poden influír no desenvolvemento deste campo a creación do Centro de Investigación de Drons no aeródromo de Rozas en Lugo, e a previsión de creación da incubadora de negocios SBAI polo Consorcio Zona Franca de Vigo.

Auxe do sector

Neste sentido cómpre salientar que o sector fabricante aeronáutico galego ten unha facturación agregada anual actual duns 109 millóns de euros e que, segundo o Plan estratéxico nacional para o sector aeroespacial español, elaborado polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI do Ministerio de Industria) para o período 2008 - 2016, a facturación no sector aeroespacial en España esta a crecer arredor dun 300%.

A oferta deste grao no Campus de Ourense susténtase no feito de que nesta provincia radica máis do 50% da fabricación no ámbito aeronáutico que se realiza en Galicia. Ademais, supón unha clara oportunidade innovadora docente e investigadora clara debido á actual liña estratéxica aeroespacial da UVigo e os lanzamentos exitosos de dous microsátélites, Xatcobeo e Humsat ao espazo; e tendo en conta o próximo lanzamento doutros dous satélites máis.

SANIDADE NOMEA A ALBERTO FUENTES LOSADA SECRETARIO XERAL DA CONSELLERÍA

- ***Substitúe no cargo a Josefina Monteagudo***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Alberto Fuentes Losada como secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade. Fuentes substitúe neste cargo a Josefina Monteagudo Romero.

Fuentes Losada é licenciado en Dereito pola Universidade de Vigo e conta cun máster universitario en Dereito das Administracións e Institucións Públicas pola Universidade de Santiago de Compostela.

Funcionario do corpo de habilitación nacional desde 2007, exercía como xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en Pontevedra desde abril de 2016. Anteriormente foi secretario xeral dos concellos de Carral, Cambados e Baiona.

**SANIDADE NOMEA A MARÍA JESÚS PIÑEIRO BELLO NOVA DIRECTORA
XERAL DE RECURSOS ECONÓMICOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

- *Substitúe no cargo a Lourdes Vilachán Angueira*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de María Jesús Piñeiro Bello como nova directora xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde. Piñeiro Bello substitúe neste cargo a Lourdes Vilachán Angueira, cuxo cesamento tamén foi aprobado hoxe no Consello.

María Jesús Piñeiro Bello é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e dende 2016 ata a actualidade viña exercendo o cargo de interventora municipal no concello de Vilanova de Arousa. Anteriormente, entre 2008 e 2016, desempeñou os cargos de interventora nos concellos de Pontearreas, Bueu, e Cangas.

A MEMORIA DE SEGUIMENTO DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO SINALAN UNHA TENDENCIA POSITIVA DO NÚMERO DE CONCELLOS CO DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO ADAPTADO

- *O Consello da Xunta foi informado esta mañá do contido da terceira memoria de seguimento das DOT nas que se indica que un total de 33 concellos galegos teñen o plan xeral adaptado, fronte aos 9 que se recollían no primeiro informe*
- *As Directrices de ordenación do territorio constitúen o instrumento marco para a planificación territorial, no que se establecen os criterios básicos para o asentamento no territorio das distintas actividades e actuacións*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá foi informado do contido da terceira Memoria de seguimento das directrices de ordenación do territorio, da que se extrae que Galicia mantén unha tendencia positiva no número de concellos con desenvolvemento urbanístico adaptado ás DOT. Na actualidade xa son 33 os concellos que contan con plan xeral de ordenación municipal adaptado ás DOT, fronte aos 9 que recollía a primeira memoria ou os 21 da memoria do ano pasado.

As Directrices de ordenación do territorio constitúen o instrumento marco para a planificación territorial, no que se establecen os criterios básicos para o asentamento no territorio das distintas actividades e actuacións. O Consello da Xunta aprobou en 2013 o decreto polo que se regula o Plan de seguimento das DOT, no que se establece que a Xunta deberá presentar con carácter anual ao Parlamento unha memoria balance das DOT. Esta memoria é elaborada polo Instituto de Estudos do Territorio (IET) segundo o informe de seguimento aprobado pola Comisión de Seguimento das DOT, na que están implicados 17 departamentos da Xunta de Galicia.

O obxectivo do Plan de seguimento das DOT e da sustentabilidade territorial (PSST) é coñecer se se están realizando as actuacións establecidas nas directrices, se estas están sendo eficaces cara á sustentabilidade territorial e como o percibe a cidadanía. Para coñecer ese grao establecéronse tres ferramentas, un total de 44 indicadores (dous máis que na memoria anterior): os indicadores de desenvolvemento e Implantación (IDI), os indicadores de sustentabilidade territorial (IST) e a enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU), da que por primeira vez se analizaron os resultados.

Así, os indicadores de desenvolvemento e implantación reflicten que desde a aprobación das DOT –ademais dos plans xerais de ordenación municipal aprobados- un total de 184 están en elaboración, o que supón un 68% dos concellos e máis de dous terzos da superficie de Galicia. Neste senso, avánzase na senda do crecemento ordenado e a protección da paisaxe, tal e como se conclúe ao analizar o grao de cumprimento da liña estratéxica establecida nas DOT sobre favorecer a compacidade e

desenvolvemento harmónico das cidades -onde destaca a aprobación da nova Lei do solo e o seu regulamento, que facilitarán que os plans urbanísticos incorporen os criterios de compacidade e desenvolvemento harmónico das DOT-, e sobre o fortalecemento dos núcleos tradicionais, o litoral e a valorización do territorio.

Destaca a aprobación do Catálogo das Paisaxes e o inicio da tramitación das Directrices da paisaxe, para a posta en valor desta e contribución á valorización do territorio; así como as numerosas actuacións do Goberno para o fortalecemento dos núcleos tradicionais, como o Plan estratéxico de dinamización dos pequenos núcleos históricos, Plan Rehabita, Plan estratéxico de rehabilitación de Galicia, Plan de vivenda, Áreas de rehabilitación integral.

Os indicadores de desenvolvemento de implantación tamén reflicten unha tendencia positiva no eidos do patrimonio natural, recóllese un incremento da superficie da Rede galega de espazos protexidos con instrumento de planificación; no patrimonio cultural, cun incremento no número de bens de interese cultural (BIC), no número de actuacións sobre bens patrimoniais e no número de conxuntos históricos con plan especial.

Tamén en relación coa paisaxe se visualiza unha mellora na aplicación dos instrumentos da xestión da paisaxe (superficie con catálogo de paisaxe e superficie con unidades de paisaxe delimitadas) e no metabolismo urbano, cunha mellora da intensidade enerxética (diminución do consumo de enerxía por unidade de PIB e do consumo enerxético final), da calidade da auga nas zonas de baño (cun incremento dun 4% nos puntos con calidade excelente, do 2,3% nos de calidade boa e e suficiente e diminución do 21% nos de calidade insuficiente no período 2011-15), da poboación e concellos con servizo de punto limpo e redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, cuxa redución nos últimos dous anos ascendeu a un 12%, o que sitúa a Galicia na senda do cumprimento do obxectivo europeo para o 2020.

En relación cos indicadores socioeconómicos, na memoria sinálase unha mellora da autosuficiencia en emprego (por comarcas), a porcentaxe de poboación e núcleos con cobertura de banda larga, o número de certificacións EMA e autorizacións ambientais integradas, a superficie e número de operadores de agricultura ecolóxica, o número de vacas por explotación, a superficie das explotacións en arrendamento e parcería, a produción de mexillón, a oferta (prazas/km²) e demanda turística.

O turismo está a converterse no afianzador do protagonismo exterior de Galicia e, tal e como se recolle na memoria das DOT, destaca o cumprimento -e mesmo superación- dos obxectivos marcados no Plan integral de turismo de Galicia 2014-16, onde o indicador intensidade turística presenta un incremento do 13,1% no número de pernoitas de viaxeiros foráneos entre 2013 e 2015.

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA E O INSTITUTO DE CIENCIAS FORENSES LUIS CONCHEIRO

- *O Consello da Xunta foi informado do convenio de colaboración, que supón unha achega por parte da Vicepresidencia de 170.000 euros*
- *O ano pasado no marco deste convenio realizáronse 1.144 informes periciais, para os cales analizaron 2.241 mostras e se fixeron 11.125 analíticas*

O Consello da Xunta foi informado na súa reunión de hoxe do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela para a colaboración entre o Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) e o Instituto de Ciencias Forenses Luis Concheiro para o ano 2017, cun orzamento total de 170.000 euros.

A colaboración consiste principalmente na realización por parte do instituto universitario de probas de investigación de paternidade derivadas de expedientes xudiciais acollidos ao beneficio da xustiza gratuíta, así como a realización de análises biolóxicas, clínicas, de toxicoloxía e criminalística solicitadas xudicialmente ou polos médicos forenses do Instituto de Medicina Legal de Galicia.

O ano pasado no marco deste convenio realizáronse 1.144 informes periciais, para os cales analizaron 2.241 mostras e se fixeron 11.125 analíticas. Ademais, tamén realizaron 64 probas de paternidade e 42 análises de criminalística.

Cómpre destacar o importante esforzo realizado polo Goberno galego que incrementa máis dun 20% a cantidade outorgada o ano pasado, ao pasar de 140.000 deste ano aos 170.000 de 2017.

O Luis Concheiro é un instituto de carácter mixto, creado a raíz dun convenio entre a USC e Consellería de Presidencia no ano 1992. Actualmente está dirixido pola catedrática de Medicina Legal Victoria Lareu e conta con preto de 50 traballadores, entre profesores, bolseiros e persoal de laboratorio.

A POLICÍA AUTONÓMICA INCREMENTOU O ANO PASADO O NÚMERO DE INSPECCIÓN E DENUNCIAS EN CONSUMO E VENDA DE ALCOHOL A MENORES

- *En todas as sedes da unidade de Policía Autonómica hai equipos permanentes con dedicación preferente ao tema de menores e familia*
- *Nos dispositivos que se desenvolveron durante este ano 2016, efectuáronse un total de 5.522 inspeccións en establecementos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe de actividades levado a cabo pola Policía Autonómica durante o ano 2016 en materia de venda e consumo de alcohol e tabaco a menores de idade, que reflicte un notable incremento tanto no número de inspeccións como de denuncias, tanto a menores como a establecementos.

Nos dispositivos que se desenvolveron durante este ano 2016, efectuáronse un total de 5.522 inspeccións en establecementos. Como resultado desta actividade, tramitáronse 822 denuncias, 672 por infraccións á Lei 11/2010 sobre venda ou consumo de alcohol por menores, e 150 á Lei 42/2010, sobre o tabaco.

Do total das denuncias tramitadas a establecementos, 271 foron pola venda e subministración de alcohol a menores de idade; tamén por permitir a entrada ou estancia de menores no seu interior, nos casos en que non está permitida e, nas "happy hours", ou nas ofertas de promoción á baixos prezos de bebidas alcohólicas, que incitan a un consumo abusivo. Tamén se inclúen nesta cifra as infraccións en tema de cartelería, sobre a sinalización da prohibición de subministración de alcohol e tabaco a menores.

Cómpre salientar que do total das denuncias tramitadas, 401 foron a menores de idade por consumo de alcohol, tanto no interior de establecementos como na vía pública. Sinalar respecto do tabaco, que das 150 denuncias por venda ou consumo deste, 126 corresponderían a irregularidades en establecementos e 24 a menores sorprendidos consumindo.

Como consecuencia do incremento dos operativos de prevención e investigación despregados polo persoal da Policía Autonómica durante o ano pasado, aumentaron significativamente tanto o número de inspeccións en establecementos en máis do 20 por cento, no que salienta o incremento dun 71 por cento nas identificacións realizadas.

No relativo ás denuncias, increméntase en máis dun 28 por cento o número de denuncias totais, das que as denuncias en establecementos aumentaron un 27 por

cento respecto do consumo de alcohol, sendo máis significativo este aumento das denuncias a menores por consumo, que medran case un 36,40 por cento.

Desde a entrada en vigor da Lei 11/2010, de prevención de bebidas alcohólicas aos menores de idade, esta colaboración realízase a través do Servizo de Prevención de Condutas Adictivas, dependente da Subdirección Xeral de Programas de Estilos de Vida Saudables, abarcando tamén o control e inspección da venda e consumo de tabaco, de acordo coa Lei 42/2010, sobre medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, subministro, consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

Con estas intervencións do persoal policial da UPA inténtase por unha banda que os establecementos se axusten á normativa en materia de alcohol e tabaco, pero o que se busca moi especialmente é que os menores de idade adopten pautas de conduta saudables, no que atinxe ao alcohol e tabaco, evitando o consumo destes produtos a idades temperás que produce unha forte repercusión de tipo psicofísico, adictivo e tamén condutual.

O obxectivo prioritario destas actuacións e inspeccións é controlar periodicamente os numerosos establecementos de lecer e da "movida nocturna", tales como bares, pubs e discotecas, así como tamén en supermercados e tendas 24 horas que sexan establecementos expendedores de alcol, para previr a venda e subministración de alcohol ou tabaco a menores de idade.

A XUNTA AMPLÍA CON MÁIS DE 3.200 PRAZAS A OFERTA DOS CURSOS PARA DESEMPREGADOS AO ESTENDER ESTA FORMACIÓN A CENTROS DE ESO E FP

- *O Goberno galego pon en marcha o programa Cualifica FP con preto de 10 millóns de euros, o que permitirá impartir 334 novas accións para desempregados en 56 centros de Educación e Economía*
- *O obxectivo é incrementar esta oferta formativa optimizando os recursos públicos*
- *A Xunta aumenta este ano o orzamento para a formación para o emprego nun 21,6% para dar resposta ao tecido empresarial de Galicia*
- *A formación para desempregados, que acadada de media un 56% de inserción, centrarase este ano na Industria 4.0, será acorde ás necesidades do mercado de traballo e priorizará aos sectores con maiores índices de inserción laboral*
- *Este acordo enmárcase na Axenda 20 para o Emprego e na Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0, que recolle a necesidade de que o sistema formativo se oriente ás demandas da industria*

A Xunta ampliará este ano a formación para desempregados aos centros de ESO e FP, o que permitirá incrementar a oferta formativa neste tipo de cursos optimizando os recursos públicos. En concreto, o programa Cualifica FP, un acordo adoptado entre as consellerías de Economía, Emprego e Industria e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, permitirá contar con máis de 3.200 novas prazas neste tipo de oferta formativa.

Para iso, tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, investiranse entre os anos 2017 e 2018 preto de 10 millóns de euros para levar a cabo 334 accións formativas para desempregados en 56 centros das consellerías de Educación e Emprego.

Esta nova actuación do Goberno galego complementase, ademais, coa formación profesional que Educación xa imparte nos tres centros de titularidade da Consellería de Economía, onde se imparte tanto formación para desempregados como FP. Son as instalacións situadas no Pedroso, en Santiago de Compostela; Coia, en Vigo; e Santa María de Europa, en Ourense.

Estes alumnos e alumnas, ao igual que os que realicen os cursos nos centros privados, poderán optar ás bolsas de formación que perciben por conceptos de transporte, manutención e conciliación co obxectivo de facilitarlles a asistencia ás ditas accións.

Estes cursos para desempregados, como os restantes que apoia o Goberno galego neste ámbito, darán acceso a un certificado de profesionalidade con validez en todo o Estado. Os colectivos preferentes con acceso a estes cursos serán as mulleres, os

parados de longa duración e os menores de 30 anos, todos eles prioritarios xa nas políticas activas de emprego da Xunta.

A formación para desempregados ten como obxectivo incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas, facilitar, en definitiva, o seu acceso ao mercado laboral, ao mesmo tempo que se dota Galicia dun capital humano máis formado de acordo coas necesidades do mercado laboral e coas novidades deste. Trátase, polo tanto, dunha formación que dá resposta ás necesidades reais do tecido produtivo galego e que este ano primará os sectores que teñen unha maior inserción laboral que son na actualidade os vinculados coa industria como a recollida, tratamento e eliminación de residuos, a industria téxtil e a fabricación de mobles; co sector servizos, principalmente servizos de comidas e bebidas, comercio polo miúdo e actividades sanitarias; e co sector da construción.

Para reforzar este eido, o Goberno galego incrementa este ano a formación para o emprego nun 21,6% chegando ata os 86,2 millóns de euros. Este orzamento inclúe, entre outras actuacións, ademais dos cursos de formación para persoas desempregadas e ocupadas, obradoiros e programas integrados de emprego, convocatorias para o recoñecemento da competencia profesional e a modernización da rede pública de centros de formación.

Novidades na formación

Así mesmo, a formación para persoas desempregadas inclúe este ano importantes novidades. Para continuar mellorando o potencial dos galegos e das galegas e que poidan acceder ao mercado de traballo en igualdade, o Goberno galego centrará a programación do 2017 nos sectores con maiores índices de inserción laboral, cun enfoque claro na Industria 4.0 e naqueles que son estratéxicos e emerxentes, definidos na Axenda da competitividade Galicia-Industria 4.0. Os menores de 30 contarán, ademais, cun programa específico de formación.

O programa Cualifica FP, orientado a mellorar as competencias que son clave para o crecemento do tecido produtivo galego, enmárcase na Axenda 20 para o Emprego, coa que a Xunta prevé crear este ano 20.000 postos de traballo. Do que se trata é que a consolidación da recuperación económica chegue a todas as familias galegas. Este acordo tamén forma parte da Axenda da competitividade Galicia Industria 4.0 que establece a necesidade de que o sistema formativo se oriente ás demandas da industria.

PRETO DE OITO DE CADA DEZ ALUMNOS DE FP QUE REMATARON OS ESTUDOS NO CURSO 2013/14 TEÑEN UN EMPREGO NA ACTUALIDADE

- *A inserción laboral dos titulados activos ascende ao 76,5%, o que supón case 25 puntos máis con respecto aos datos do estudo do 2011/12*
- *O informe mostra un comportamento practicamente idéntico por xénero, mentres que por grao destacan os ciclos superiores, con porcentaxes case 9 puntos máis altas que os de grao medio*
- *Instalación e Mantemento, Fabricación Mecánica, Servizos Socioculturais e á Comunidade, Marítimo-Pesqueira e Enerxía e Auga superan o 80% de inserción*
- *De entre os titulados que obtiveron emprego nos dous anos transcorridos desde a súa graduación, o 68,8% fíxoos en menos de seis meses*
- *A traxectoria laboral dos titulados mellora co paso do tempo, tanto na relación do emprego co perfil profesional, como na modalidade ou na categoría laboral que desempeñan*
- *Os datos do estudo confirman a tendencia positiva da FP nos últimos anos, amparada por unha aposta decisiva da Xunta de Galicia por este tipo de estudos e visibilizada no incremento de alumnado e na súa inserción*

O último estudo sobre inserción laboral na formación profesional en Galicia mostra que preto de oito de cada dez alumnos titulados no curso 2013/14 sobre o conxunto dos activos teñen un emprego. En concreto, mentres que o 23,5% buscan emprego, o 76,5% están traballando, o que supón case 25 puntos máis con respecto ao estudo anterior –referente ao curso 2011/12–, no que a inserción ascendeu a 51,7%.

O informe actual, tratado hoxe no Consello da Xunta, analiza a realidade laboral en 2016 das persoas que obtiveron un título de FP no curso 2013/14. Para iso realizáronse 2.933 enquisas telefónicas e, por primeira vez, tamén en liña. O obxectivo final da mostra é coñecer a situación laboral das persoas tituladas de FP en Galicia, así como a súa inserción dependendo da familia profesional escollida, do xénero ou do grao do ciclo; e mesmo ter datos detallados acerca das vías de acceso ao traballo, a relación deste co perfil profesional estudado ou a categoría laboral alcanzada na actualidade.

Trátase, por tanto, dun estudo preciso e pormenorizado que, ademais, axuda a planificar a oferta da formación profesional para vindeiros cursos. Neste sentido, cómpre ter en conta o incremento de matriculación nestes estudos nos últimos anos, ao pasar de 34.746 alumnos e alumnas no curso 2008/09 a 50.344 no actual 2016/17.

Evolución positiva da FP

A evolución positiva da FP é, por tanto, notoria tanto a nivel de alumnado como de resultados e é froito da aposta decisiva da Xunta de Galicia por esta modalidade de formación, a través da adaptación da oferta ás demandas dos sectores produtivos ou promovendo a implantación da FP dual, da FP básica e da FP a distancia para axudar a configurar o itinerario formativo dos mozos e mozas en función das súas necesidades.

Dentro desta estratexia de potenciación da formación profesional, a inserción laboral dos alumnos e alumnas é un eixe primordial. Neste sentido, o actual estudo mostra que o nivel de inserción por xénero é practicamente idéntico, sendo o dos homes dous puntos máis alto que o das mulleres. Porén, nos ciclos de grao superior, as mulleres acadan unha inserción 1,4 puntos superior, concretamente do 81,6%, fronte ao 80,2% dos homes.

En canto ao grao, os ciclos de grao superior presentan unha inserción laboral case nove puntos superior (80,9%) respecto aos de grao medio (72%). Por provincias, os titulados dos centros formativos da provincia de Lugo presentan unha maior taxa de inserción, do 78,7%, mentres que as outras tres sitúanse arredor do 76%.

Por familias profesionais, cómpre destacar que Instalación e Mantemento, Fabricación Mecánica, Servizos Socioculturais e á Comunidade, Marítimo-pesqueira e Enerxía e Auga presentan taxas de inserción superiores ao 80%. Nalgúns casos, a porcentaxe de persoas traballadoras pode semellar baixa, pero isto non se debe a que haxa unha baixa empregabilidade no sector, senón a que a actividade principal para unha proporción elevada dos titulados é estudar. Os casos máis significativos nos que se observa este fenómeno son nas familias profesionais de Actividades Físicas e Deportivas, Imaxe e son e Sanidade.

Tempo en atopar emprego

Por outro lado, o informe tamén achega información detallada sobre o emprego, como o tempo en atopalo. En concreto, o 70,6% dos titulados obtiveron algún posto de traballo nos dous anos transcorridos e, de entre estes, o 68,8% fíxoo en menos de seis meses. Ademais, o 63% desempeña na actualidade un emprego relacionado co ciclo formativo cursado, fronte ao 60,5% do anterior estudo.

Desde unha óptica comparativa entre o primeiro emprego e o emprego actual, obsérvase como a traxectoria laboral dos titulados mellora co paso de tempo, tanto desde o punto de vista da modalidade laboral como da categoría. No primeiro caso, os contratos indefinidos aumentan considerablemente a medida que se avanza no tempo, acadando para o emprego actual o 17,2% dos traballadores no privado, fronte ao 13,3% que contaban con este tipo de contrato cando comezaron a traballar. En canto

á categoría laboral, no traballo actual, os oficiais ou técnicos superan os peóns ou auxiliares, situación que se inverte no caso do primeiro emprego.

Formación práctica como vía de acceso ao mercado

Así mesmo, o estudo tamén reflicte as diferentes vías de acceso ao mercado laboral dos titulados, entre as que cómpre destacar a FCT (formación en centros de traballo). Neste caso obsérvase que preto de 3 de cada 10 mozos e mozas accederon ao seu primeiro emprego a través da empresa onde realizaron as prácticas do ciclo. A FCT confírmase, por tanto, como unha parte esencial na formación dos alumnos e alumnas durante a súa etapa no centro educativo, así como unha ferramenta moi útil para promover a súa inserción unha vez finalizados os estudos.

O 94,89% DOS RESULTADOS DA VIXILANCIA SANITARIA DAS AUGAS DE CONSUMO HUMANO DE GALICIA TEÑEN A CUALIFICACIÓN DE APTOS

- *Durante o 2015 realizáronse 373 inspeccións sanitarias, 2.272 analíticas de vixilancia sanitaria e 4.146 determinacións de cloro libre residual*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou hoxe o Consello da Xunta que o grao de cumprimento do Programa galego de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano durante o ano 2015 foi satisfactorio. Tamén salientou que nos vindeiros anos se deberá incidir principalmente na vixilancia sanitaria dos pequenos abastecementos e así mellorar a súa calidade e das traídas de veciñanza.

No informe presentado destaca que as analíticas da vixilancia sanitaria deron como resultado que o 94,89% se corresponde cunha cualificación de auga apta para o consumo mentres que o 5,11 % se corresponde cunha cualificación de auga non apta para o consumo.

En canto ás determinacións de cloro libre residual, obtívose que o 80,80% do total das determinacións foron conformes coa lexislación vixente, o que supón un resultado moi similar en relación cos datos do ano 2014 (81,37%).

Das 686 zonas de abastecemento censadas dentro do programa de vixilancia durante o ano 2015, realizáronse, segundo a frecuencia determinada pola súa prioridade, 373 inspeccións sanitarias, 2.272 analíticas de vixilancia sanitaria e 4.146 determinacións de cloro libre residual. Destas 686 zonas de abastecemento, o 42,13% corresponde a abastecementos de prioridade baixa, mentres que o 47,81% son abastecementos de prioridade media e o 10,06% de prioridade alta.

Programa de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa o Programa de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano que con carácter autonómico, funciona na nosa comunidade dende hai xa varias décadas. O Programa de vixilancia sanitaria de augas de consumo dende o 2012 ten unha validez cuadrienal.

O sistema de vixilancia que se establece dentro deste programa está orientado a identificar e valorar os factores que poidan presentar riscos para a saúde nas augas de consumo humano, co fin de poder xestionalos para diminuír o risco de morbilidade asociada ao consumo de auga. Para a implantación deste sistema de vixilancia, é preciso realizar unha clasificación dos abastecementos sobre a base das súas características, co fin de lles poder dar prioridade ás actuacións, optimizar a súa efectividade e garantir un mínimo de eficiencia. Segundo isto establécense tres categorías en función da poboación abastecida, calidade da auga, calidade da

información do SINAC e posibles perigos diagnosticados asociados a un abastecemento: abastecementos de prioridade baixa, media e alta.

As actuacións dentro do programa establécense nunha dobre vía, por unha parte, a inspección sanitaria dos abastecementos (que inclúe unha inspección documental e estrutural do abastecemento, xunto cunha recollida de mostras de auga) e por outra parte, a vixilancia da calidade da auga nas redes de distribución dos abastecementos coa determinación do cloro libre residual e a realización de analíticas de mostras de auga. A frecuencia de inspección e de determinación analítica vén establecida pola prioridade que ten cada un dos abastecementos.

Sistema de información nacional de augas de consumo

O artigo 30 do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, establece un sistema de información relativo ás zonas de abastecemento e control da calidade da auga de consumo humano denominado Sistema de información nacional de auga de consumo (SINAC). A utilización e subministración de datos ao SINAC será obrigatoria para todas as partes implicadas no subministración de auga de consumo humano. O SINAC trátase dunha aplicación informática, vía internet, e á que se accede a través da páxina do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade (<http://sinac.mspes.es/>).

Con data 31 de decembro de 2015 existían dadas de alta no SINAC, 549 zonas de abastecemento na nosa comunidade. Se comparamos este resultado co ano 2014 hai un aumento desta porcentaxe dun 3,58%.

En canto á cualificación sanitaria das mostras notificadas no SINAC hai que destacar que o 98,88% dos boletíns analizados foron auga apta para o consumo, polo que mellorou lixeiramente a cualificación de auga respecto ano anterior (98,50%).

A XUNTA DE GALICIA PON EN MARCHA UN PROGRAMA PILOTO DE ATENCIÓN PRENATAL E PERINATAL PARA FAMILIAS EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE SOCIAL

- *O obxectivo é promover unha experiencia de coidado e maternidade saudable que axude a previr danos no bebé e unha posible separación do menor do contexto familiar*
- *A Consellería de Política Social desenvolve este programa en colaboración coa Fundación Meniños e lévase a cabo de xeito experimental na área sanitaria de Santiago de Compostela*
- *O programa terá vixencia ao longo de todo o 2017 e atenderá 25 casos*

A Consellería de Política Social vén de pór en marcha un programa piloto de atención prenatal e perinatal que atenderá 25 familias en situación de dificultade social, tal e como informou o departamento autonómico no Consello da Xunta celebrado hoxe. Trátase dun programa pioneiro que promoverá unha experiencia de coidado e maternidade saudable, favorecendo o vínculo temperá e axudando a previr danos no bebé, unha posible separación do menor do contexto familiar e alteracións comportamentais e de saúde na idade adulta.

Os obxectivos do programa pasan por xerar un contexto de coidado para as mulleres embarazadas que axude a rebaixar os niveis de estrés; empoderar a nai devolvéndolle o protagonismo no seu embarazo; facilitar a creación das condicións prenatais e de posparto axeitadas para a formación do vínculo afectivo co bebé; promover na nai e pai a creación dunha contorna familiar que facilite o desenvolvemento de todos os membros da familia; previr e detectar posibles problemas emocionais, de comportamento e de desenvolvemento dos nenos e nenas; e dotar as nais dos recursos necesarios para facer cambios na súa problemática social.

Para acadar estes resultados, as familias que participen no programa recibirán preparación emocional e estrutural para o nacemento do bebé e participarán en talleres grupais durante o embarazo para traballar a función reflexiva da nai, a vinculación co bebé e a creación dunha rede de apoio cos profesionais implicados e entre nais. Así mesmo, recibirán apoio nos coidados do neonato co que poderán identificar as necesidades físicas e emocionais do neno ou nena e poderán acudir a talleres grupais durante o primeiro ano de crianza para promover a resiliencia parental e o bo trato.

O programa desenvólvese en colaboración coa Fundación Meniños, que xa desenvolve outros programas de atención á infancia como o Programa de Intervención Familiar, a xestión dos puntos de encontro familiar nas cidades da Coruña e Ourense ou o Programa de adopcións especiais.

Así mesmo, o desenvolvemento do programa precisa da intervención dos profesionais do ámbito sanitario e de servizos sociais, como axentes de detección dos posibles casos que se atenderán. Para este fin, as consellerías de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, e Sanidade, a través da Subdirección de Calidade e Atención ao Paciente do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, manteñen xuntanzas de coordinación necesarias para o éxito do programa. Determináronse conxuntamente os centros de saúde que participarán no programa realizando un labor fundamental de información ás posibles beneficiarias.

O programa de atención prenatal e perinatal para familias en situación de dificultade social forma parte da aposta da Xunta de Galicia pola atención a menores. O departamento autonómico desenvolve distintos proxectos destinados a mellorar a calidade de vida dos nenos, nenas e adolescentes en situación de vulnerabilidade social como o acollemento familiar, o acollemento residencial, o programa de adopcións, as accións de inserción sociolaboral, os programas socioeducativos ou o programa de mediación familiar.

A XUNTA DESTINA CASE 140.000 EUROS A PREPARARSE PARA DETECTAR TOXINAS PARALIZANTES NOS BIVALVOS A TRAVÉS DUN NOVO MÉTODO DE CONTROL

- *A Consellería do Mar iniciou en maio de 2016 unha acción de investigación sobre a aplicación do novo método químico co propósito de acatar a normativa europea que a partir deste ano substituirá o método de referencia para as analíticas deste tipo de toxinas mariñas*
- *O Consello da Xunta avaliou un informe no que se dá conta do alcance da investigación tras os seus oito primeiros meses de vixencia*

A Consellería do Mar estase preparando para aplicar o método químico á hora de detectar toxinas paralizantes nos moluscos bivalvos, co fin de adaptarse ás exixencias da Unión Europea no tocante ao xeito de realizar as análises deste tipo de toxinas mariñas. Así o recolle un informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, no que se dá conta dos resultados os primeiros oito meses de vixencia da investigación denominada *DeMeTox*, unha acción na que a Xunta inviste case 140.000 euros.

A Comisión Europea substituirá este ano o método de referencia para as analíticas da toxina paralizante nos moluscos bivalvos, designando como técnica de referencia un método químico en lugar do que se vén empregando. Por este motivo, a Consellería do Mar vén traballando xa desde maio do pasado ano na posta a punto da técnica para aplicala con garantías. O novo método de referencia coñécese cientificamente como cromatografía líquida de alta eficacia con oxidación precolumna e detección por fluorescencia.

Así mesmo, os resultados que se desprendan da investigación tamén servirán para perfeccionar e mellorar a aplicación do método químico de detección de toxinas lipofílicas que se emprega na actualidade no programa de control que se leva a cabo en Galicia.

Esta iniciativa investigadora estase desenvolvendo conxuntamente entre o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) e o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) –ambos organismos dependentes da Consellería do Mar- e traballarase nela ata maio de 2019.